


**CONCELLO
DE VIGO**



VIGO, UN MAR DE BANDAS

TEMPADA 2025



*Federación de
Bandas de Música
Populares de
VIGO*

VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR



FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO

A Federación de Bandas de Música Populares de Vigo é unha asociación que reúne a nove bandas de música da cidade de Vigo, unha cidade cosmopolita, situada a carón do mar, que conta cunha innegable riqueza cultural en torno ás bandas de música. Vigo é a única cidade de España con nove bandas de música, un feito patrimonial que hai que coidar, pero tamén difundir. Para iso xorde a nosa Federación.

O apoio que nos ofrece o CONCELLO DE VIGO patrocinando íntegramente os programas de actuacións das bandas de música, “Vigo, un Mar de Bandas”, “Vigo, Bandas nos Torreiros” e “Aulas de Música nas Bandas”; é de suma importancia para cumprir o noso obxectivo de difundir e potenciar a cultura musical a través das bandas de música e tamén para fomentar o propio desenvolvemento da actividade musical a través da formación. Aspectos moi importantes para impulsar a propia tradición, subsistencia e porvir das bandas de música en Vigo.

O público ao que van dirixidas estas actividades é moi amplo. Esperamos que tanto os máis cativos como os non tan cativos disfruten a través da nosa programación musical que conta con concertos dispersos por múltiples espazos da cidade, dende a zona centro ata os diferentes barrios, logrando unha unión e transversalidade dentro do Concello de Vigo.

É de salientar a labor de directores e músicos que, co seu compromiso por facer as súas actuacións atractivas, nos ensaios traballan un repertorio do mais variado, misturando tradición e innovación.

Por último, hai que destacar que as bandas da nosa cidade compóñense de persoas de todas as idades, maioritariamente rapazas e rapaces xóvenes, que disfrutan con cada concerto. Isto fai que esta actividade potencie a calidade de vida e fomente unha convivencia sana e necesaria entre distintas xeracións de persoas.

Con esta revista, presentamos a programación de actuacións das bandas de música para este 2025 e agradecemos ao CONCELLO DE VIGO, ao noso Alcalde, Abel Caballero, e a todos vostedes, por acompañarnos, apoiarnos e valorarnos co seu cariño e aplausos.

SAÚDA DO ALCALDE



Abel Caballero

A primavera sabe a música en Vigo. As nosas rúas e as nosas prazas éñchense de cultura, de talento e de bo ambiente durante os próximos meses. É unha verdadeira honra dirixirme a todo ese público entregado á mestría da Federación de Bandas de Música Populares de Vigo.

Unha iniciativa marabillosa que desde o Concello apoiamos con entusiasmo porque nos permite dotar de vida, alegría e tradición cada recuncho da nosa cidade. Durante estes días, as rúas e as prazas serán escenarios ao aire libre nos que a nosa música e a xente serán protagonistas.

Estes ciclos de actuacións, non só celebran o talento e dedicación das nosas bandas, senón que tamén reforzan os lazos de comunidade e poñen en valor a nosa cultura popular, un dos sinais de identidade desta gran cidade.

Quero felicitar á Federación polo seu compromiso coa cultura e por estender a música facendo de Vigo un exemplo de cidade viva, inclusiva e orgullosa das súas raíces.

Grazas a todas as agrupacións participantes, grazas pola vosa arte, pola vosa paixón e por encher Vigo de notas que emocionan. Quero desde aquí invitar a saír á rúa, a gozar, a aplaudir e a deixarnos levar por esta festa da música.

Viva a música popular e viva Vigo!

ABEL CABALLERO
ALCALDE DE VIGO



MAIO

4

DOMINGO

CONCERTOS DE PRIMAVERA, PRAZA DA PRINCESA

Unión Musical de Coruxo

12:30h

11

DOMINGO

CONCERTOS DE PRIMAVERA, PRAZA DA PRINCESA

Ateneo Musical de Bembrive

12:30h

13

MARTES

PROCESIÓN DE FÁTIMA

Delicias do CCR de Cabral

20:00h

16

VENRES

CONCERTOS DE PRIMAVERA, PRAZA DA PRINCESA

Banda do Conservatorio Superior de Vigo

12:30h

17

SÁBADO

AVV DA MIÑOCA, A FLORIDA

Unión Musical de Coruxo

12:00h

CONCERTOS DE PRIMAVERA, PRAZA DA PRINCESA

Unión Musical de Valladares

12:30h

PASEO PEONIL (DIANTE DO MERCADO), CALVARIO

Escola de Música de Beade

18:30h

18

DOMINGO

AVV AS FONTES DE VILAR, LAVADORES

Unión Musical de Cabral

12:00h

CONCERTOS DE PRIMAVERA, PRAZA DA PRINCESA

Delicias do CCR de Cabral

12:30h



22
JUEVES

PROCESIÓN DE SANTA RITA

Delicias do CCR de Cabral

20:30h

24
SÁBADO

TORREIRO DE FRAGOSELO, CORUXO

Banda de Música Popular de Rubiós
Banda de Música Xuvenil de Xinzo
Unión Musical de Coruxo

17:00h

AUDITORIO DA AVCD DE CABRAL

Unión Musical de Cabral

19:00h

25
DOMINGO

CONCERTOS DE PRIMAVERA, PRAZA DA PRINCESA

Lira de San Miguel de Oia

12:30h

RESIDENCIA DE MAIORES SANTA MARTA, ALCABRE

Delicias do CCR de Cabral

17:15h





XUÑO

1

DOMINGO

TORREIRO DE FRAGOSELO, CORUXO

Unión Musical de Coruxo

dende as 10:30h

ALAMEDA DE SÁRDOMA

Ateneo Musical de Bembrive

11:00h

CONCERTOS DE PRIMAVERA, PRAZA DA PRINCESA

UVCD de Candeán

12:30h

8

DOMINGO

CONCERTOS DE PRIMAVERA, PRAZA DA PRINCESA

Unión Musical de Cabral

12:30h

TORREIRO DE VALLADARES

Unión Musical de Valladares

13:00h

13

VENRES

IGREXA DE SAN ANTONIO, A FLORIDA

Unión Musical de Valladares

20:30h

14

SÁBADO

PARQUE FORESTAL DE SAN MIGUEL DE OIA

Delicias do CCR de Cabral

20:00h

Lira de San Miguel de Oia

AUDITORIO DA AVCD DE LAVADORES

Ateneo Musical de Bembrive

21:00h

15

DOMINGO

CONCERTOS DE PRIMAVERA, PRAZA DA PRINCESA

Atlántida de Matamá

12:30h

PASEO PEONIL (DIANTE DO MERCADO), CALVARIO

Ateneo Musical de Bembrive

12:30h



22
DOMINGO

TORREIRO DE FREIXO, VALLADARES

Unión Musical de Valladares

dende as 10:30h

PASEO PEONIL (DIANTE DO MERCADO), CALVARIO

Unión Musical de Cabral

12:30h

IGREXA SAN MARTIÑO, COIA

Ateneo Musical de Bembrive

12:30h

AVV VAL DO FRAGOSO, BALAIOS

UVCD de Candeán

Unión Musical de Valladares

20:00h

PRAZA DO BARRIO “CRISTO DA VICTORIA”, COIA

Lira de San Miguel de Oia

20:00h

CONCERTOS DE VERÁN, PRAZA DA PRINCESA

Escola de Música de Beade

20:30h

28
SÁBADO

ALAMEDA DE MATAMÁ

Atlántida de Matamá

20:30h

29
DOMINGO

ALAMEDA DE SÁRDOMA

Delicias do CCR de Cabral

12:00h

XARDÍNS DA AVV EMILIO CRESPO DE NAVIA


Unión Musical de Valladares

12:30h

CONCERTOS DE VERÁN, PRAZA DA PRINCESA

Unión Musical de Coruxo

20:30h





XULLO

5

SÁBADO

ALAMEDA DE CAEIRO, CABRAL

Delicias do CCR de Cabral

20:00h

6

DOMINGO

CONCERTOS DE VERÁN, PRAZA DA PRINCESA

Lira de San Miguel de Oia

20:30h

7

LUNS

TORREIRO DE COIA

Unión Musical de Coruxo

12:30h

13

DOMINGO

TORREIRO DE ALCABRE

Unión Musical de Valladares

dende as 10:30h

TORREIRO DE “O VAO”, CORUXO

Lira de San Miguel de Oia

dende as 10:30h

CONCERTOS DE VERÁN, PRAZA DA PRINCESA

Delicias do CCR de Cabral

20:30h

16

MÉRCORES

ALAMEDA DE “O VAO”, CORUXO

Unión Musical de Coruxo

12:00h

19

SÁBADO

PARQUE FORESTAL DE SAIÁNS

Lira de San Miguel de Oia

12:30h

XARDÍNS DA AVCR SAN MAMEDE DE ZAMÁNS

Atlántida de Matamá

20:00h

ALAMEDA DE BEADE

Escola de Música de Beade

22:00h



20
DOMINGO

CONCERTOS DE VERÁN, PRAZA DA PRINCESA
Atlántida de Matamá

20:30h

24
XOVES

TORREIRO DE LAVADORES
Unión Musical de Cabral

dende as 10:30h

25
VENRES

TORREIRO DE BEMBRIVE
Ateneo Musical de Bembrive

dende as 10:30h

XARDÍNS DA AVV EMILIO CRESPO DE NAVIA
Atlántida de Matamá

12:30h

26
SÁBADO

TORREIRO DE BEADE
Escola de Música de Beade

dende as 10:30h

27
DOMINGO

ALAMEDA DE MATAMÁ
Atlántida de Matamá

12:30h

28
LUNS

FESTAS DE VIGO, PRAZA DA PRINCESA
UVCD de Candeán

20:30h

29
MARTES

FESTAS DE VIGO, PRAZA DA PRINCESA
Delicias do CCR de Cabral

20:30h

30
MÉRCORES

FESTAS DE VIGO, PRAZA DA PRINCESA
Unión Musical de Valladares

20:30h

31
XOVES

FESTAS DE VIGO, PRAZA DA PRINCESA
Escola de Música de Beade

20:30h





AGOSTO

1

VENRES

FESTAS DE VIGO, PRAZA DA PRINCESA

Atlántida de Matamá

20:30h

3

DOMINGO

PARQUE FORESTAL DE BEADE

Escola de Música de Beade

13:00h

ALAMEDA DE MATAMÁ

Atlántida de Matamá

20:30h

4

LUNS

FESTAS DE VIGO, PRAZA DA PRINCESA

Unión Musical de Cabral

20:30h

ALAMEDA DE MATAMÁ

Lira de San Miguel de Oia
Unión Musical de Valladares

20:30h

5

MARTES

TORREIRO DE MATAMÁ

Ateneo Musical de Bembrive

dende as 10:30h

FESTAS DE VIGO, PRAZA DA PRINCESA

UVCD de Candeán

20:30h

6

MÉRCORES

FESTAS DE VIGO, PRAZA DA PRINCESA

Ateneo Musical de Bembrive

20:30h

7

XOVES

FESTAS DE VIGO, PRAZA DA PRINCESA

Unión Musical de Valladares

20:30h



10 DOMINGO	TORREIRO DE SAN LORENZO, CORUXO Unión Musical de Coruxo	12:00h
	XARDÍNS DO CVC DE VALLADARES Unión Musical de Valladares	13:00h
11 LUNS	FESTAS DE VIGO, PRAZA DA PRINCESA Unión Musical de Coruxo	20:30h
12 MARTES	FESTAS DE VIGO, PRAZA DA PRINCESA Lira de San Miguel de Oia	20:30h
13 MÉRCORES	FESTAS DE VIGO, PRAZA DA PRINCESA Escola de Música de Beade	20:30h
14 XOVES	FESTAS DE VIGO, PRAZA DA PRINCESA Ateneo Musical de Bembrive	20:30h
16 SÁBADO	FINCA DE SAN ROQUE Escola de Música de Beade	dende as 10:30h
17 DOMINGO	FINCA DE SAN ROQUE Unión Musical de Valladares	12:00h
27 MÉRCORES	TORREIRO DE SAN CAMPIO, VALLADARES Atlántida de Matamá Ateneo Musical de Bembrive	20:30h
31 DOMINGO	FESTA DO PAN DE MILLO, CCR DE CABRAL UVCD de Candeán	13:00h





SETEMBRO

6

SÁBADO

FESTA DO XURELO, AVV FEIRA DE CABRAL

Unión Musical de Cabral

13:00h

CONCERTOS NO MERCADO DE TEIS

Delicias do CCR de Cabral

19:00h

TORREIRO DE ZAMÁNS

Banda Municipal de Alcanar (Tarragona)

20:00h

7

DOMINGO

TORREIRO DE ZAMÁNS

Atlántida de Matamá

dende as 10:30h

CONCERTOS NA PRAZA DA INDEPENDENCIA

UVCD de Candeán

12:30h

CONCERTOS NO PARQUE DE CASTRELOS

Escola de Música de Beade

19:00h

13

SÁBADO

TORREIRO DOS LIÑARES, CANIDO


Unión Musical de Coruxo

dende as 18:00h

CONCERTOS NO MERCADO DE TEIS

Unión Musical de Cabral

19:00h





14
DOMINGO

TORREIRO DE CANDEÁN

UVCD de Candeán

dende as 10:30h

CONCERTOS NA PRAZA DA INDEPENDENCIA

Unión Musical de Coruxo

12:30h

PRAZA DA ETEA, TEIS

Ateneo Musical de Bembrive

12:30h

CONCERTOS NO PARQUE DE CASTRELOS

Unión Musical de Valladares

19:00h

20
SÁBADO

CONCERTOS NO MERCADO DE TEIS

UVCD de Candeán

19:00h

21
DOMINGO

TORREIRO DE CABRAL

Delicias do CCR de Cabral

dende as 10:30h

CONCERTOS NA PRAZA DA INDEPENDENCIA

Unión Musical de Cabral

12:30h

PASEO PEONIL (DIANTE DO MERCADO), CALVARIO

Atlántida de Matamá

12:30h

CONCERTOS NO PARQUE DE CASTRELOS

Lira de San Miguel de Oia

19:00h

27
SÁBADO

CONCERTOS NO MERCADO DE TEIS

Ateneo Musical de Bembrive

19:00h

28
DOMINGO

CONCERTOS NA PRAZA DA INDEPENDENCIA

Atlántida de Matamá

12:30h

CONCERTOS NO PARQUE DE CASTRELOS

UVCD de Candeán

19:00h



OUTUBRO

5

DOMINGO

TORREIRO DE LAVADORES

Delicias do CCR de Cabral

dende as 10:30h

11

SÁBADO

AVV DA MIÑOCA, A FLORIDA

UVCD de Candeán

19:30h

12

DOMINGO

AVCR SAN MAMEDE DE ZAMÁNS

UVCD de Candeán

19:00h

19

DOMINGO

CCR DE CABRAL

Escola de Música de Beade

18:30h

25

SÁBADO

AVCD DE LAVADORES

Escola de Música de Beade

12:30h





NOVEMBRO

8

SÁBADO

CVC DE VALLADARES

Unión Musical de Coruxo

19:00h

15

SÁBADO

CVC DE VALLADARES

UVCD de Candeán

12:30h

SCD ATLÁNTIDA DE MATAMÁ

Atlántida de Matamá

20:00h

16

DOMINGO

IGREXA SAN MARTIÑO DE COIA

Lira de San Miguel de Oia

12:30h


30

DOMINGO

CCR DE CABRAL

Delicias do CCR de Cabral

18:30h





DECEMBRO

13

SÁBADO

IGREXA SANTA EULALIA DE ALCABRE

Unión Musical de Cabral

19:00h

21

DOMINGO

AVCD MONTE DA MINA DE CASTRELOS

Escola de Música de Beade

19:00h

27

SÁBADO

AVCD SAN XURXO DE SAIÁNS

Unión Musical de Coruxo

18:00h

IGREXA SAN MARTIÑO DE COIA

Ateneo Musical de Bembrive

20:00h

28

DOMINGO

SCD ATLÁNTIDA DE MATAMÁ


Atlántida de Matamá

19:00h





AS NOSAS BANDAS





BANDA DE MÚSICA “LIRA” DE SAN MIGUEL DE OIA

Director: Pedro Villarroel González.

Fundada no ano 1932, por Don Severino Alonso Mallo, a “Lira” de San Miguel de Oia, é un colectivo musical formado por distintos grupos: a Banda de Música, a Coral Polifónica e a Escola de Música. Do mesmo modo a nosa escola de música conta con distintas formacións como son a Banda Infantil, a Banda Xuvenil, o Coro da escola e diversos grupos de música de cámara.

O eixo en torno ao que todo xira é sen lugar a dúbidas a Escola de Música “Lira”, na que se forman os nosos músicos e onde se vertebran as distintas peculiaridades deste colectivo no seu perfil social, cultural, familiar, veciñal e educativo. O ben facer desta escola de música, conta co recoñecemento da Consellería de Educación da Xunta de Galicia como o refrenda a súa inclusión no Rexistro de Escolas de Música da propia Consellería.

Na actualidade, a banda de música “Lira” conta cunha plantilla na que comparten escenario músicos profesionais, veteranos e mesmo cativos que comezan a súa andaina musical, isto fai que sexa un grupo dinámico e innovador, conservando ao mesmo tempo a esencia da tradición bandística.





UNIÓN MUSICAL DE CORUXO

Director: Francisco Javier Quintas Alonso

Fundada no ano 1880, a Unión Musical de Coruxo é a decana das bandas de música de Vigo e unha das mais antigas de Galicia.

A Unión Musical de Coruxo participa activamente na vida cultural da cidade a través das súas actuacións. Cunha decidida aposta pola innovación, pero dende o respecto a tradición dunha banda mais que centenaria, o seu actual director Francisco Javier Quintas Alonso, presenta un repertorio variado e que gusta por igual dende netos ata avós.

A actual directiva presidida por José Antonio Sanromán Prado, ten como obxectivo achegar e difundir a nosa cultura a través da música a todo o público e facilitar o acceso ao estudo da música a todo/a aquel/a que teña esa inqueda. Para iso a UMC conta coa súa propia escola de música, que está inscrita dentro das escolas de música da Xunta de Galicia e que é un auténtico viveiro de futuras promesas e da que xa saíron intérpretes de renome internacional.

A nosa escola está aberta ao alumnado de tódalas idades, dende nenos e nenas ata adultos/as que queiran iniciarse neste marabilloso mundo das Bandas populares de Música. Aparte de aprender música e tocar un instrumento, gozarás dun bo ambiente de compañeirismo e participarás de diversas actividades. Se tes inqueda por participar nunha banda de música, non o dubides, agardámoste.





UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES

Director: César Posada Figueiras

A Banda UNION MUSICAL DE VALLADARES foi fundada no ano 1902 , senda unha das poucas agrupacións bandísticas que se mantiveron activas a longo destes 123 anos sin chegar a extinguirse en ningún momento.

A súa actividade musical xira en torno o Centro Veciñal e Cultural de Valladares, mantendo a súa propia autonomía administrativa e social, xestionando a “Escola de Música de Valladares” con nenos e nenas a partires dos catro anos, Música e Movemento, Linguaxe Musical, especialidades instrumentais de vento-madeira, vento-metal, percusión, cordas e canto, “Conservatorio Grao Profesional de Música de Valladares”, coas correspondentes licencias da Conxellería de Educación da Xunta de Galicia.

Despois de unha extensa relación de directores que pasaron por Valladares, estivo baixo a dirección de D. José Iglesias Ramilo, con quen se acadaron os maiores logros musicais, dende 1972 ata 2020, ano en que asumiu a dirección D. César Posada Figueiras.

Das innumerables actuacións en concertos, certames, romerías, cabe destacar:

Certames internacionais de Bandas de Música en Valencia 1997, 2º Premio. “Villa de Altea-Alicante” ano 2000, 2º Premio. Campo de Criptana- Ciudad Real, ano 2007, 2º Premio. “Ciudad de Valencia-2010” 1º Premio / Sección Primeira. “Villa de Altea” ano 2017 , 1º Premio.

Programas “Vaya Banda” co grupo de percusión ODAIKO. “Música de Cine”, “Musicais” “Peer Gynt” co grupo de teatro ESCOITADE de Valladares.

Concerto na CASA DE MUSICA en Oporto, no 7º encontro de Bandas Filarmónicas, ano 2016.

Concerto no Parque do Retiro en Madrid, coa banda de gaitas XARABAL de Vigo, ano 2017.

Concertos directores convidados Francisco Pérez, Juan Lois Diéguez, Marcel Van Bree, David Fiuza.....

Concertos con solistas, Teresa Novoa, Indra Sesti, soprano, Jhon Aigi Hurn, Daniel Portas.

Programa “PANGEA” de é con ABRAHAM CUPEIRO en Valladares, marzo e outubro 2022.

Programa “UNHA NOITE DE AMOR CON LELA” con Alfredo Susavila, Silvia Ferre e Ana Silva , Letras Galegas en Valladares, maio 2024.

Encontro de Bandas Filarmónicas en Santa María da Feira – Portugal, abril 2024.

Concerto con solistas do VIGOSAXFORUM en Valladares, xullo 2024.



AGRUPACIÓN MUSICAL ATLÁNTIDA DE MATAMÁ



Unha vida con música é unha vida en compañía

Gústache a música? Esta mensaxe é para ti! Na **Agrupación Musical Atlántida de Matamá** cada melodía que interpretamos únenos dunha forma única, reflectindo o esforzo, a paixón e a amizade que nos caracteriza.

Dende a nosa fundación no 1991, baixo a batuta do noso actual director **Enrique Lorenzo**, a formación é unha das nosas señas de identidade. Por iso, creamos a nosa propia **Escola de Música**, recoñecida oficialmente pola Xunta de Galicia, co obxectivo de desenvolver o **potencial** do alumnado. Nela impartimos, dun xeito práctico e **adaptado** ás necesidades do estudante, todas as especialidades instrumentais propias da Agrupación.

Potenciamos as **relacións** entre os máis cativos e os non tan cativos porque cremos que podemos **aprender** uns dos outros mentres **medramos** en conxunto, como músicos e como persoas, a través dos concertos, ensaios e os teus aplausos.



Tamén apostamos pola **innovación**, tanto no repertorio a interpretar como nas múltiples **actividades** que organizamos, pero sempre tendo presente a **tradición** musical e cultural propia de Galicia.

Coa nosa banda incluso poderás **viaxar** a diversos lugares, tanto nacionais como internacionais, e **participar** en **certames** nos que levamos acadado importantes **premios** e mencións especiais.



Como unha melodía, a nosa Agrupación componse de sons **diferentes** que soan xuntos a un mesmo compás. Cada persoa **enriquece** ao conxunto.

Por iso, e porque **nunca é tarde**, sexa cal sexa a túa idade, anímate a aprender, interpretar, medrar, convivir, disfrutar e vivir unha **experiencia inesquecible** na Agrupación Musical Atlántida de Matamá!

Agardámoste con **ilusión**!



AGRUPACIÓN MUSICAL ATLÁNTIDA DE MATAMÁ

agrupacionmusicalatlantida@gmail.com

610.887.916





BANDA-ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE

Director: José Rodríguez Ramos

ÚNETE Á BANDA-ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE

Sabías que aprender música desde idades temperás é beneficioso para a memoria, a concentración e a creatividade? Na banda-escola de música de Beade apostamos por unha educación musical temperá para axudar ás nenas e nenos a desenvolver todo o seu potencial creativo a través da música.

Formar parte da banda-escola non só significa aprender a tocar instrumentos, senón que formamos grupos e medramos en comunidade. Contamos con tres agrupacións onde tocar en grupo: a banda infantil, a banda xuvenil e a banda grande. Así, a experiencia de formar parte dunha banda supón moito máis que a técnica musical: fornece o compañeirismo, a disciplina, a empatía e a ledicia de compartir momentos e experiencias. Como parte destas experiencias tamén contamos coa organización de actividades culturais fóra da nosa banda, apostando así por unha aprendizaxe interdisciplinaria en valores diversos e en diferentes eidos máis alá da música. Mostra disto son as excursións, saídas e actividades fóra da escola das que desfrutamos con frecuencia. Isto implica que na nosa banda convivimos persoas de todas as idades e apostamos pola convivencia interxeneracional como un valor clave, unha aprendizaxe como vía de dobre sentido: os máis pequenos aprenden dos máis grandes e viceversa. Aquí todos sumamos!

O valor das bandas de música tamén é o de manter viva a tradición musical galega, combinando repertorio clásico e moderno e levamos a nosa música a prazas, rúas e festas populares. Chegamos alá a onde nos queirades levar.

Se che gusta a música, a cultura e o bo ambiente, este é o teu lugar. Dá igual a túa idade e o teu nivel. Vén coñecer a familia da banda escola de música de Beade.

Podes atoparnos en Estrada Coutada 49, Beade - Vigo.





ATENEU MUSICAL DE BEMBRIVE

Director: Iván Carreira González.

A Escola de Música do Ateneo Musical de Bembrive ofrece unha proposta educativa que acompaña aos alumnos desde as primeiras etapas da vida. O seu programa comeza coa materia de estimulación temperá, dirixida a nenos a partir dos 18 meses, onde os máis pequenos interactúan coa música a través do xogo.

Esta primeira aproximación musical non só senta as bases para unha futura formación, senón que tamén achega múltiples beneficios no desenvolvemento infantil: estimula a linguaxe, mellora a coordinación motora, fortalece o vínculo afectivo cos adultos e potencia a memoria e a creatividade.

Entre os 3 e 7 anos, os nenos continúan a súa integración coa música a través da materia de Música e Movemento, onde, mediante actividades lúdicas e expresivas, refórzanse as capacidades auditivas, rítmicas e motrices, preparando o camiño cara á aprendizaxe instrumental e teórico de forma natural e progresiva.

Pero a escola non se limita só aos máis pequenos. A súa oferta está aberta a persoas de todas as idades, desde nenos ata adultos, brindando a posibilidade de aprender linguaxe musical, educación vocal ou calquera instrumento dentro da contorna formativa dunha banda de música.

Un dos piares fundamentais da nosa metodoloxía é a formación en agrupacións instrumentais, onde cada estudante pode integrarse segundo o seu nivel e evolución musical. A escola conta con catro agrupacións: a banda de iniciación, infantil, xuvenil e senior, proporcionando así unha contorna adaptada ás capacidades e necesidades de cada alumno, fomentando a aprendizaxe colectiva, a disciplina e a paixón pola música.





UNIÓN MUSICAL DE CABRAL

Director: Alberto Rocha Soto

A Unión Musical de Cabral fundouse no outono de 1986 na parroquia de Cabral, no Concello de Vigo, da man do mestre Francisco Velasco Calvo, e dende ese momento non deixou de actuar ata o día de hoxe.

Baixo a batuta de diferentes directores, nos seus 39 anos de traxectoria a agrupación participou en programas de televisión, na gravación de discos, en diversas festas populares, festivais e encontros de bandas de música tanto en España como en Portugal, creou un festival propio e obtivo numerosos recoñecementos entre os que destacan diversos premios en certames zonais, provinciais e galegos.

Dende maio de 2024 está á fronte da Unión Musical de Cabral o mestre Alberto Rocha Soto, quen asumiu a dirección con moita ilusión e coa vontade de impulsar novos proxectos que afiancen a calidade musical da banda e fomenten a participación da comunidade.

A Unión Musical de Cabral conta tamén cunha escola de música que constitúe un espazo inclusivo, que atende á diversidade, e aberto a todas as idades, na que actualmente desfruta tanto iniciándose como perfeccionando as súas habilidades musicais alumnado de entre 3 e preto de 80 anos. Ofrécense clases de bombardino, clarinete, contrabaixo, frauta travesa, óboe, percusión, saxofón, trombón, trompa, trompeta, tuba e moito máis, así como clases colectivas de Música e Movemento, Linguaxe Musical e conxuntos instrumentais tanto infantís como adultos para comezar a desfrutar da experiencia de facer música en grupo. Ademais conta con descontos para familias, e dispón dun banco de instrumentos gratuito para aqueles que se inician na aprendizaxe.

A Unión Musical de Cabral é moito máis que unha banda: é un proxecto colectivo que une tradición e modernidade, formación e espectáculo, esforzo e paixón. Convidámoste a coñecernos e a compartir con nós a ilusión de facer música.





BANDA DE MÚSICA “LAS DELICIAS” DO CCR DE CABRAL

Director: Jesús Bugarín Alonso

“As Delicias” é unha banda da parroquia de Cabral, fundada polo falecido D. Ignacio Bugarin Correa no ano 1984, carteiro de profesión e músico autodidacta da desaparecida Banda de Castrelos – Vigo. Na parroquia de Cabral non existía tradición bandística e Bugarín organizou no seu propio local de Caerio unha escola de música, á que acudiron máis de medio centenar de mozos. Naquel ano contratou a dous expertos da docencia musical, que se repartirían as ensinanzas instrumentais de metal, percusión e vento, mentras Bugarin se encargaría da linguaxe musical e dirección.

Pouco tempo despois, D. Ignacio lle cede a batuta ao seu fillo Jesús Bugarín Alonso, que imprime novos aires á agrupación bandística. Tras cursar 6 anos de piano e dirección, asume a batuta hai xa 40 anos, demostrando estar en posesión da sensibilidade artística necesaria para levar adiante o colectivo. Hoxe en día ven compaxinando o seu traballo tamén de carteiro, con total dedicación á dirección e ensinanza na Escola da Banda de música “As Delicias”, ambas profesións herdadas do seu pai. Ten o respecto e colaboración dos seus alumnos e alumnas no traballo do día a día, a prol dunha mesma ilusión que é levar “as súas ledicias musicais” a cada recuncho da nosa comarca.

Actualmente a agrupación está asociada co C.C.R de Cabral en Becerreira para potenciar a música na zona e intentar acadar nova xuventude que poda incrementar o seu colectivo bandístico. Destaca desta Xoven Banda de Música a súa enorme simpatía e alegría no escenario para agradar ao seu público, porque saben tocar instrumentos, pero tamén saben cantar e bailar coa música que interpretan. Na súa escola tratan de crear capacidades creativas e traballo en equipo, para que rapaces e rapazas adquiran destrezas musicais, sen límite de tempo. Jesús, en compañía dos seus mestres de percusión, vento metal e madeira, tratan de incrementar o talento artístico sen distincións. Calquer persoa pode acudir ás súas aulas para aprender música co único aliciente de que o fagan con ilusión e amor á música. Nas súas aulas imparten clases de linguaxe musical, clarinete, frauta, saxofón, trombón, tuba, trompeta, bombardino, gaita e percusión.





BANDAD DE MÚSICA DA UVCD DE CANDEÁN

Director: Iago Lariño Rodal

Este ano, a **Banda de Música da UVCD de Candeán** celebra o seu **30 aniversario**. Este proxecto musical e social naceu no corazón da Unión Veciñal Cultural e Deportiva de Candeán e segue levando a súa música a rúas e escenarios de España e Portugal.


En **1995**, a banda fai a súa presentación oficial baixo a dirección de **Jesús Iglesias**. No ano 2004, **Ángel Antonio Montes** asumiu a dirección durante dez anos, marcando unha etapa de gran éxito. Posteriormente, **José Varela** asumiu a dirección ata que en 2015 colleu o relevo o actual director, **Iago Lariño Rodal**, impulsando unha etapa creativa, innovadora e renovadora.

Dende entón, a banda percorreu **festas populares, festivais e encontros de bandas**, deixando a súa pegada pola calidade e entusiasmo. Composta por case **50 músicos**, combina a experiencia dos membros veteranos coa enerxía das novas xeracións, que se forman na súa **Escola de Música**, un espazo aberto e acolledor para todas as idades. Dende os **3 anos**, atopan un lugar para iniciarse ou seguir avanzando no seu camiño musical.

A escola conta con **13 profesores titulados** e ofrece unha ampla formación: música e movemento, iniciación musical, linguaxe musical, coro e clases de instrumentos. Un dos piares da escola é a aposta pola **música en grupo**, favorecendo o desenvolvemento artístico, persoal e social. Para isto, organízanse clases colectivas nas que o alumnado pode iniciarse ou profundar na interpretación conxunta. As primeiras experiencias teñen lugar no **Grupo Instrumental**, e, co tempo, poden incorporarse á **Banda Escola**. Os máis novos, con ganas de novos retos, atopan o seu espazo na **Banda Semifusa**, cun repertorio máis actual, mentres que a **Banda do Frebe** ofrece aos adultos un ambiente lúdico para gozar tocando os temas de sempre.

En resumo, tanto a **Banda de Música da UVCD de Candeán** como a súa **Escola de Música** son moito máis que espazos de aprendizaxe: son lugares vivos onde a música une, emociona e fai comunidade.





FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO



@bandmusvigo

federaciondebandasdevigo@gmail.com



**CONCELLO
DE VIGO**



máis información